

## BASES CONCURSO

O concurso dirixese aos **alumnos da ESO (1º-4º)** de todos os centros escolares de Galicia e aos **centros de educación especial** da comunidade galega. De maneira excepcional, na categoría 'Plan Proxecta' poden inscribirse tamén cursos de 5º e 6º de primaria.

Os participantes deberán plasmar nunha foto, debuxo, colaxe, vídeo... exemplos de montes reais do seu ámbito nos que se den as **tres vertentes de riqueza forestal**, dende o punto de vista económico, social e ambiental. Os materiais enviados deberán estar acompañados por unha explicación escrita que describa estes tres valores do monte elixido.

Terase en conta o valor artístico do traballo, a orixinalidade deste e a explicación da triple vertente de riqueza do monte seleccionado. Valoraranse positivamente aqueles traballos que engadan propostas de mellora sobre os usos do monte elixido.

Na categoría colectiva, valoraranse aqueles traballos desenvolvidos de xeito multidisciplinar (por exemplo, impulsados dende as materias de ciencias naturais, bioloxía, plástica, tecnoloxía, etc).

**Exemplo práctico:** Un debuxo dun bosque real onde se realiza recollida de leñas para producir enerxía térmica (valor económico), no que conviven diferentes especies de árbores e animais (valor ambiental) e onde se realizan encontros populares, romarías (valor social).

As **categorías** do concurso son as seguintes:

### Educación Secundaria

#### Categoría colectiva por clases

A clase poderá participar presentando un mural, un álbum de fotografías físico ou dixital, un vídeo, unha colaxe.. Poderanse utilizar as técnicas que se consideren (colaxe, fotografías, debuxos...). O tamaño do mural así como a extensión de páxinas do álbum fotográfico é aberto. O vídeo deberá ter unha duración de entre 2 e 3 minutos e poderá ser gravado no formato que se queira. Os participantes poderán realizar unha curtametraxe, un baile, unha actuación musical, etc. sempre e cando o monte e a súa triple fonte de riqueza sexa o tema protagonista.

Haberá dous premios dentro da categoría colectiva dependendo do tipo de material presentado:

- Premio fotográfico e audiovisual: Un premio para o centro de 300 euros para material escolar.
- Premio artístico (outras técnicas, debuxo, colaxe, etc): Un premio para o centro de 300 euros para material escolar.

#### Categoría individual

Cada alumno poderá presentar un único debuxo, fotografía, vídeo ou colaxe. A técnica é aberta, así como o formato do vídeo ou o tamaño dos debuxos e o mural. Con respecto ás fotografías, deberán pesar un mínimo de 300 KB.

Haberá dous premios dentro da categoría individual dependendo do tipo de material presentado:

- Premio fotográfico e audiovisual: Un premio de material audiovisual valorado en 150 euros.
- Premio artístico (outras técnicas, debuxo, colaxe, etc): Un premio de material audiovisual valorado en 150 euros.

## Educación Especial

Nesta categoría haberá un único premio (fotografía, audiovisual, debuxos, colaxes...) valorado en 300 euros.

## Premio Plan Proxecta

Categoría para os centros educativos que participen no programa do Plan Proxecta 'Montentérate: O Monte é a nosa vida' no curso 2015-2016. Os centros poden participar cos mesmos materiais presentados ao Plan Proxecta. Establécese un único premio para o centro escolar valorado en 300 euros para material escolar.

## Envío de materiais

Os traballos con soporte dixital (fotografías, vídeos) pódense enviar por correo electrónico a [omonteeanosavida@maderasdeg Galicia.com](mailto:omonteeanosavida@maderasdeg Galicia.com). Os traballos con soporte físico enviaranse á seguinte dirección: Confemadera Galicia, Centro de negocios Costa Vella. Rúa de Amio, 114. Parque empresarial Costa Vella 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña).

No envío dos traballos deberán figurar os seguintes datos:

Categoría colectiva / Educación Especial/ Plan Proxecta:

- Nome do colexio e curso participante.
- Dirección e teléfono de contacto do colexio.
- Nome e apelidos do profesor responsable.
- Explicación.

Categoría individual:

- Nome e apelidos do participante e do profesor responsable.
- Dirección e teléfono de contacto do colexio.
- Idade e curso.
- Explicación.

O xurado do concurso estará formado por unha comisión seleccionada para tal fin.

**A data límite para enviar os traballos será o 21 de abril de 2017 (convocatoria única sen ampliación de data).** En Maio de 2017 darase a coñecer o nome dos gañadores.

No caso de que o xurado estimase que ningún dos traballos presentados ten méritos abondo, poderá declarar deserta calquera das categorías do concurso.

Todos os materiais enviados para participar no concurso deberán ser orixinais e pasarán a ser propiedade de Confemadera Galicia con carácter gratuíto, sen dereito a remuneración de ningunha especie a favor do autor. Os participantes garanten e responsabilízanse ante Confemadera - Galicia do cumprimento das disposicións en materia de propiedade intelectual e de dereitos de imaxe sobre os traballos declarando que a súa difusión e/ou reprodución no marco do concurso e destas Bases non lesionan nin prexudican a terceiros e asumen persoalmente calquera responsabilidade que destas puidese derivarse.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1.999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais facilitados para a inscrición neste concurso quedarán rexistrados nun ficheiro cuxo responsable é Confemadera- Galicia co fin de xestionar o concurso.

\*Para calquera consulta, poden poñerse en contacto coa organización do concurso a través do correo electrónico [omonteeanosavida@maderasdeg Galicia.com](mailto:omonteeanosavida@maderasdeg Galicia.com).